

# AS PROPIEDADES DA AUGA

A fórmula química da auga é  $H_2O$ , é dicir, está composta por dous átomos de hidróxeno (H) e un de osíxeno (O). A auga forma parte de todos os seres vivos e é imprescindible para vivir.

A auga é incolora, inodora, insípida e incompresible. Isto quere dicir que non ten cor, nin olor, nin sabor nin pode ser apenas comprimida. Ademais, tamén conta coas seguintes propiedades:

- **Maior densidade líquida que sólida:** isto permite que o xeo poida flotar sobre a auga líquida, creando unha capa de illante térmico. Debaixo do xeo, a auga líquida está a maior temperatura, o que permite a vida acuática en zonas do planeta moi frías.
- **Alta forza de cohesión e adhesión:** as moléculas de auga están moi pegadas entre si, provocando entre outros estes dous fenómenos:
  - **Tensión superficial:** xera unha especie de “pel” na superficie da auga que resiste a entrada de pequenos pesos. É a responsable de que os zapateiros se poidan pousar na superficie da auga sen afundir.
  - **Capilaridade:** ao estaren moi pegadas entre si e con outras moléculas, as moléculas de auga a capilaridade. É a responsable de que a auga poida ascender polos talos das plantas en contra da gravidade.
- **Termorreguladora:** a auga líquida é capaz de soportar cambios bruscos de temperatura sen apenas arrefriarse ou quentarse. Isto fai que actúe como moderadora da temperatura no clima ou que nos axude aos seres vivos a refrixerarnos (co suor).
- **Disolvente universal:** a auga ten a capacidade de disolver gran cantidade de substancias. Isto permite, por exemplo, que os seres vivos a usemos para transportar nutrientes e refugos polo noso corpo.

## Actividade 1. Identificamos as propiedades da auga

Visualiza os seguintes vídeos e indica que propiedade da auga está a demostrar cada un.

| Nº | Nome do experimento              | Propiedade da auga que demostra | Ligazón ao tutorial en vídeo |
|----|----------------------------------|---------------------------------|------------------------------|
| 1  | “O clip que camiña sobre a auga” |                                 | <a href="#">Clip</a>         |
| 2  | “O globo que non explota”        |                                 | <a href="#">Globo</a>        |
| 3  | “A tinta que sube”               |                                 | <a href="#">Talos</a>        |
| 4  | “Flota ou afunde?”               |                                 | <a href="#">Flota</a>        |